

PORKA MISERIA

Son un grupo melidao de punk formado por: Barral, que é o batería; Jujo, que é o baixista; Rubio e Carlos os guitarristas, e a voz, que é Sindo, ademais todos fan os coros. Gravarón o seu CD, entre marzo e xuño do 2006, para a realización do cal non contaron nin tan sequera cunha discográfica.

Os 11 temas cos que conta o disco foron compostos por eles e tratan todo tipo de problemática social. Un deses temas é a violencia de xénero, que se trata na canción "La Paliza". Nela cóntase a historia dunha muller que, ao chegar o seu marido, comeza a insultala porque se lle queimou a comida; estes insultos van a maiores, acaba pegándolle e ela berrando. Despois fan un comentario do home cualificándoo de demente, e facendo uso do termo machote ibérico, que é o que se consideran este tipo de agresores. Finalmente criticase a sociedade pasiva fronte a este tipo de agresións.

Noutra delas trátase o conflito bélico palestino-israelí, na cal piden a liberdade para Palestina, falan de que o mundo fai oídos xordos a este conflito, da represión sufrida polos cidadáns, xa que son atacados polos xudeus, e só teñen como medio de defensa a intifada, ademais fai mención ao apoio estado-unidense co que conta Israel.

Este grupo realizou algún que outro concerto, para o cal non contou con ningún tipo de apoio, aínda que cando actuaron no Caralampio tiveron bastantes



espectadores. Gustaríamos facer unha chamada ao colectivo melidao, para que loitedes pola música, polos grupos que saen novos, e sobre todo polos que son da nosa terra.

MARTA PÁJARO VARELA, CRISTINA RÚA CASTRO, NURIA ÁLVAREZ CEBREIRO

Que fermoso é todo
Xa chegamos a Europa
É o nacer dun imperio
Xa está todo resolto

Enganaron ao pobo
cun falso referendum
Só se oíron ladridos
que falaban por nós

A europa do euro, hipocresia!!
Afianzou as cousas, hipocresia!!
Os ricos máis ricos, hipocresia!!
E os pobres máis pobres, hipocresia!!

Traballo, educación,
vivenda e sanidade
Pra seren europeos
moito tedes que arranxar

Menos camisetas
e máis revolución
Que a estes se lles deixas
mexan por nós

Bruselas esquece ao pobo galego
din que o noso idioma é minoritario
esperta labrego, esperta mariñeiro
Galiza non se rende xamais!!

A Unión Europea non respeta esta terra
Mexan por nós e dicimos que chove
Fan as leis pra rirse do pobre
Galiza non se rende xamais!!

Esta é a letra da súa canción en galego, titulada "Mexan por nos"